



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 460

VIII legislatura

29 de abril de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa [08/PL-0024 (62452)] [140981](#)

Asignación a Comisión do Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira [08/PL-0026 (64031)] [140981](#)

1.2.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración da Proposición de lei de modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons [08/PPL-0020 (60512)] [140981](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.3. Mocións aprobadas

- 08/MOC-0104 (62804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José

Sobre os axustes derivados da reestruturación do sistema financeiro. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 59429, publicada no BOPG núm. 416, do 23.02.2011, e debatida na sesión plenaria do 22.03.2011) [140981](#)

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0105 (64032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viúdez Alonso, Henrique

Sobre a revisión de oficio pola Xunta de Galicia da resolución do concurso eólico. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.

62400, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011) [140982](#)

- 08/MOC-0106(64033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co sindicato Unións Agrarias. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 60669, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011) [140982](#)

- 08/MOC-0107(64054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as relacións entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense no ámbito da función pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 59920, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011) [140982](#)

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-1051 (60598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 2 deputados máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Fomento en relación coa execución da vía de conexión entre as localidades lucenses de San Cibrao e Barreiros, coñecida como corredor da Costa [140983](#)

- 08/PNP-1108(62470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a enerxía nuclear [140983](#)

- 08/PNP-0960 (57600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego en relación coa actualización e aplicación da tarifa eléctrica de último recurso [140983](#)

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-1077 (61434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 3 deputados máis

Sobre a realización dun cronograma de actuacións e investimentos para o pagamento das débedas contraídas e comprometidas coa cidade de Ourense dende a entrada do actual Goberno galego [140984](#)

- 08/PNP-1091(61943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e 2 deputados máis

Sobre a eliminación da peaxe na AG-55, A Coruña-Carballo, de titularidade autonómica [140984](#)

- 08/PNP-1139(63398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a presentación no Parlamento de Galicia, antes do día 3 de maio de 2011, do Plan integral de saneamento do río Umia [140984](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

O Pleno do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2011, adoptou os seguinte acordo:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0024 (62452)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa

BOPG núm. 435, do 22.03.2011

Sométense a votación ás emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Asignación a Comisión do Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

A Mesa do Parlamento, na reunión do 27 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Asignación Comisión:

- 08/PL-0026 (64031)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

BOPG núm. 457, do 26.04.2011

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces, na súa reunión do 27 de abril de 2011, asignase á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.2.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración da Proposición de lei de modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons

O Pleno do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento da toma en consideración:

- 08/PPL-0020 (60512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons

BOPG núm. 421, do 02.03.2011

Sometida a votación, obtense o resultado de 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.3. Mocións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 26 de abril de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación con modificacións

- 08/MOC-0104 (62804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José

Sobre os axustes derivados da reestruturación do sistema financeiro. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.

59429, publicada no BOPG núm. 416, do 23.02.2011, e debatida na sesión plenaria do 22.03.2011)

BOPG núm. 441, do 30.03.2011

Sométese a votación e resulta aprobada por 62 votos a favor, 12 votos en contra, e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas precisas, en coordinación co regulador estatal e os responsables de Novacaixagalicia, para que os axustes derivados da reestruturación do sistema financeiro garantan:

1. O mantemento de Galicia no mapa financeiro con entidades solventes e vinculadas prioritariamente con familias e sectores produtivos galegos.

2. Que a solución de futuro priorice, garantido o criterio de solvencia, o mantemento de Novacaixagalicia como unha caixa propietaria maioritaria dun banco, que permita garantir a obra social.

3. Que o plan de axuste interno de Novacaixagalicia evite a exclusión financeira dos cidadáns galegos.

4. Que o recurso ao Banco de España, a través do FROB, para atender as necesidades de capitalización non cubertas por capital privado, permita mellorar a posición financeira e a xestión, e, así mesmo, sitúe a Novacaixagalicia, dentro dos prazos previstos, en condicións de recomprar unha parte substancial desta participación pública directamente ou a través de terceiros investidores propostos pola propia entidade".

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0105 (64032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a revisión de oficio pola Xunta de Galicia da resolución do concurso eólico. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 62400, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011)

BOPG núm. 454, do 19.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0106(64033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación co sindicato Unións Agrarias. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 60669, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011)

BOPG núm. 454, do 19.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0107(64054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as relacións entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense no ámbito da función pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 59920, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 12.04.2011)

BOPG núm. 454, do 19.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNP-1051 (60598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 2 deputados máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego diante do Ministerio de Fomento en relación coa execución da vía de conexión entre as localidades lucenses de San Cibrao e Barreiros, coñecida como corredor da Costa

BOPG núm. 421, do 02.03.2011

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 50 votos a favor, 23 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que resolva no prazo máximo dun mes as alegacións recibidas fronte ao estudo informativo e ao estudo de impacto ambiental do corredor viario entre San Cibrao e Barreiros, proceda á licitación inmediata do proxecto e, con posterioridade, estableza un cronograma de execución concreto, comprometendo os investimentos necesarios e suficientes para facelo realidade."

- 08/PNP-1108(62470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a enerxía nuclear

BOPG núm. 441, do 30.03.2011

Sométese a votación por puntos, co seguinte resultado:

Puntos 1, 3a, 3b e 4, resultan aprobados sen modificacións pola unanimidade das 73 deputadas e deputados presentes.

Os puntos restantes resultan aprobados por 50 votos a favor, ningún en contra e 23 abstencións

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

1. Trasladarlle a posición contraria deste a reabrir o debate nuclear, apostando por un progresivo abandono do uso da enerxía nuclear e pola xeración de electricidade mediante a combinación de fontes enerxéticas alternativas á nuclear.

2. Non prorrogar a vida útil das centrais nucleares, polo perigo de accidentes que comporta.

3. Levar a adiante as actuacións necesarias a fin de que Galicia sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado. O alcance desta declaración implicará:

a. A prohibición de que en Galicia se constrúan centrais nucleares.

b. A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósito de almacenamento de residuos nucleares.

c. Impedir que na nosa zona económica exclusiva naveguen buques que transporten residuos nucleares.

d. Evitar no espazo aéreo correspondente ao territorio galego a circulación ou o paso de aeronaves que porten armamento ou mercadorías nucleares.

e. Respetar, en todo caso, a excepcionalidade no referente aos servizos sanitarios ou, se é o caso, aos servizos de investigación que contén con isótopos e medicina nuclear.

4. Impulsar un verdadeiro plan de aforro e eficiencia enerxética identificando os obxectivos de carácter estratéxico e orientado a reducir a dependencia de fontes primarias externas."

Aprobación con modificacións

- 08/PNP-0960 (57600)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo polo Goberno galego en relación coa actualización e aplicación da tarifa eléctrica de último recurso

BOPG núm. 401, do 02.02.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 50 votos a favor, ningún voto en contra, e 23 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para que:

1. Adopte as medidas necesarias para acadar que o prezo final da electricidade sexa en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía e a máxima racionalización dos custos que deben ser satisfeitos polas tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución da enerxía eléctrica.

2. A actualización da tarifa de último recurso, en ningún caso, supoña incrementos superiores ao IPC.

3. Manteña o límite dos 10 KW contratados para a aplicación da tarifa de último recurso, rexeitando a proposta do plan de Industria de rebaixalo o 1 de xullo de 2011 a 3 KW.

4. Leve a cabo unha campaña informativa sobre o proceso de liberalización e en especial sobre o bono social en colaboración coas comunidades autónomas e as asociacións de consumidores."

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-1077 (61434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 3 deputados máis

Sobre a realización dun cronograma de actuacións e investimentos para o pagamento das débedas contraídas e comprometidas coa cidade de Ourense dende a entrada do actual Goberno galego

BOPG núm. 431, do 16.03.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1091(61943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa e 2 deputados máis

Sobre a eliminación da peaxe na AG-55, A Coruña-Carballo, de titularidade autonómica

BOPG núm. 431, do 16.03.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1139(63398)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a presentación no Parlamento de Galicia, antes do día 3 de maio de 2011, do Plan integral de saneamento do río Umia

BOPG núm. 445, do 06.04.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 23 votos a favor, 38 en contra e 12 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727